



Curso 2023/2024
BACHARELATO SEMIPRESENCIAL

**INFORMACIÓN IMPRESCINDIBLE PARA CUBRIR O IMPRESO DE
RESERVA DE PRAZA/SOLICITUDE DE MATRÍCULA**

Prégase ler con moita atención as seguintes instrucións antes de cubrir o impreso

1.- ORGANIZACIÓN DO BACHARELATO.

1.1.- Neste centro impártense dúas modalidades de bacharelato:

- Ciencias e Tecnoloxía
- Humanidades e Ciencias Sociais

No momento da matrícula cada alumno/a deberá optar por unha delas.

1.2.- Calquera das modalidades de bacharelato ten tres tipos de materias:

- Comúns: son as mesmas en todas as modalidades.
- De opción: son específicas da modalidade escollida.
- Optativas: son de libre elección.

1.3.- A estrutura e organización do primeiro curso é a seguinte:

1º curso					
Comúns	<input type="checkbox"/> Filosofía	<input type="checkbox"/> Educación física	<input type="checkbox"/> Lingua Galega e Lit. I	<input type="checkbox"/> Lingua Castelá e Lit. I	Lingua Estranxeira I <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Portugués
De opción (escoller 1 obrigatoria e 2 máis)	<input type="checkbox"/> CIENCIAS		<input type="checkbox"/> HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS		
	<input type="checkbox"/> Matemáticas I (obrigatoria)		<input type="checkbox"/> Latín I (obrigatoria) OU <input type="checkbox"/> Matemáticas aplicadas ás CC. Sociais I (obrigatoria)		
	<input type="checkbox"/> Bioloxía, Xeoloxía e CC. medioambientais		<input type="checkbox"/> Economía		<input type="checkbox"/> Latín I
	<input type="checkbox"/> Debuxo técnico I		<input type="checkbox"/> Grego I		<input type="checkbox"/> Matemáticas aplicadas ás CC. Sociais I
	<input type="checkbox"/> Física e Química		<input type="checkbox"/> Historia do mundo contemporáneo		
Optativas (escoller 1)	<input type="checkbox"/> Anatomía Aplicada		<input type="checkbox"/> 2ª Lingua Estranxeira I Portugués		<input type="checkbox"/> Cultura Científica
	<input type="checkbox"/> Unha materia de opción non cursada de 1º				<input type="checkbox"/> TIC I



1.4.- A estrutura e organización do segundo curso é a seguinte:

2º curso				
Comúns	<input type="checkbox"/> Historia de España	<input type="checkbox"/> Historia da Filosofía	<input type="checkbox"/> Lingua Galega e Lit II.	<input type="checkbox"/> Lingua Castelá e Lit II. <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Portugués
De opción (escoller 1 obrigatoria e 2 máis)	<input type="checkbox"/> CIENCIAS		<input type="checkbox"/> HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	
	<input type="checkbox"/> Matemáticas II (obrigatoria) OU <input type="checkbox"/> Matemáticas aplicadas ás CC. Sociais II. (obrigatoria)		<input type="checkbox"/> Latín II. (obrigatoria) OU <input type="checkbox"/> Matemáticas aplicadas ás CC. Sociais II. (obrigatoria)	
	<input type="checkbox"/> Debuxo técnico II		<input type="checkbox"/> Empresa e Deseño de Modelos de Negocio	
	<input type="checkbox"/> Química		<input type="checkbox"/> Grego II	
	<input type="checkbox"/> Xeoloxía e ciencias ambientais		<input type="checkbox"/> Latín II	
	<input type="checkbox"/> Física		<input type="checkbox"/> Historia da Arte	
	<input type="checkbox"/> Bioloxía		<input type="checkbox"/> Matemáticas aplicadas ás CC. Sociais II	
			<input type="checkbox"/> Xeografía	
Optativas (escoller 1)	<input type="checkbox"/> 2ª Lingua Estranxeira II Portugués		<input type="checkbox"/> TIC II	<input type="checkbox"/> Psicoloxía
	<input type="checkbox"/> Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia			
	<input type="checkbox"/> Unha materia de opción non cursada de 2º			

1.5.- Como configurar as materias no 1º curso.

- Entre as **materias comúns** unicamente debemos escoller unha das Linguas Estranxeiras, optando entre Inglés ou Portugués.
- A **materias optativa de 1º** pode ser escollida libremente entre as cinco que o centro oferta de forma xeral (2º Lingua Estranxeira I Portugués¹, Anatomía Aplicada, Cultura Científica e T.I.C.) ou tamén optando por unha das materias de opción, de calquera opción, que non escollésemos como tal nese apartado.
- Entre as tres **materias de opción** debemos escoller **unha das obrigatorias** e outras dúas deben ser escollidas entre as restantes.
 - Na **modalidade de Ciencias e tecnoloxía** a materia obrigatoria é Matemáticas I e as outras dúas poden ser escollidas entre Bioloxía, Xeoloxía e CC. medioambientais, Debuxo Técnico I ou Física e Química.
 - Na **modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais** as materias obrigatorias son **OU** Latín I **OU** Matemáticas aplicadas as Ciencias Sociais I; as outras dúas poden ser escollidas entre Economía, Grego I, Literatura Universal e Historia do Mundo Contemporáneo ou a outra das obrigatorias (Latín I ou Matemáticas aplicadas as Ciencias Sociais I).

1.6.- Como configurar as materias no 2º curso.

- Entre as **materias comúns** unicamente debemos decidir a Lingua Estranxeira, optando entre Inglés ou Portugués.
- A **materia optativa de 2º** pode ser escollida libremente entre as cinco que o centro oferta de maneira xeral (Anatomía Aplicada, 2º Lingua Estranxeira II:Portugués, TIC II, Psicoloxía ou Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia) ou tamén optando por algunha das materias de opción, de calquera opción, que non escollésemos como tal nese apartado.



- Entre as tres **materias de opción** debemos escoller **unha das obrigatorias** e outras dúas deben ser escollidas entre as restantes.
 - Na **modalidade de Ciencias e Tecnoloxía** a materia obrigatoria é **OU Matemáticas II OU Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II**. As outras dúas poden ser escollidas entre Bioloxía, Xeoloxía e ciencias ambientais, Química, Debuxo Técnico II ou Física.
 - Na **modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais** a materia obrigatoria é **OU Latín II OU Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II**. As outras dúas pode ser escollidas entre Economía e Deseño de Modelos de Negocio, Grego II, Historia da Arte, Xeografía ou a outra das obrigatorias(Latín II ou Matemáticas aplicadas as Ciencias Sociais II).
- Algunhas materias de 2º precisan cursar e superar certas materias de 1º porque se considera que teñen contidos progresivos.(Anexo VI do Decreto 86/2015 do 25 de xuño).

	Materia de 2º curso		Materia de 1º curso
Comúns	Lingua Castelá e Literatura II	precisa de...	Lingua Castelá e Literatura I
	Lingua Galega e Literatura II	precisa de...	Lingua Galega e Literatura I
	Primeira Lingua Estranxeira II Inglés	precisa de...	Primeira Lingua Estranxeira I Inglés
	Primeira Lingua Estranxeira II Portugués	precisa de...	Primeira Lingua Estranxeira I Portugués
Materias Modalidade Ciencias	Bioloxía	precisa de...	Bioloxía, Xeoloxía e CC. medioambientais
	Debuxo Técnico II	precisa de...	Debuxo Técnico I
	Física	precisa de...	Física e Química
	Matemáticas II	precisa de...	Matemáticas I
	Química	precisa de...	Física e Química
Materias Modalidade Humanidades e CCSS	Grego II	precisa de...	Grego I
	Latín II	precisa de...	Latín I
	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II	precisa de...	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I
Optativas	2ª Lingua Estranxeira II Portugués	precisa de...	2ª Lingua Estranxeira I Portugués
	Xeoloxía	precisa de...	Bioloxía, Xeoloxía e CC. medioambientais
	TIC II	precisa de...	TIC I

Unicamente poderá matricularse simultaneamente en materias coa mesma denominación ou de contidos progresivos o alumnado que cursase ensinanzas de bacharelato con anterioridade, no réxime ordinario ou de adultos

Se pensa continuar estudos universitarios ou de formación profesional superior debe ter en conta que cursar unhas ou outras materias de modalidade de 2º pode ser determinante para chegar a ser admitido/a en estudos con limitación de prazos. Procure información actualizada sobre este aspecto.

1.7.- Outras cuestións a ter en conta polo alumnado.

- Se un alumno/a se matricula de dúas materias de contidos progresivos, non poderá ser avaliado da 2ª sen ter superada previamente a 1ª. Isto é así tanto nas materias comúns como nas de modalidade e optativas
- Non se pode escoller como optativa a mesma lingua estranxeira que se escolleu coma materia común.
- Deberá existir compatibilidade horaria nas titorías lectivas das materias que solicite matricularse; de non ser así a dirección do centro informará ao interesado/a que ten a necesidade de cambiar a matrícula e/ou a quenda nalgunha delas.
- Nas materias de opción do bloque de materias troncais e nas materias específicas o alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de
- primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparte considere que o alumno/a reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. En caso contrario, deberase cursar a materia de primeiro curso.
- En calquera caso, a decisión de que o/a alumno/a reúne as condicións para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo curso, deberá adoptarse segundo criterios obxectivos e avaliábeis, de maneira que sexa posible acreditar tal condición. O departamento didáctico correspondente poderá realizar unha proba.
- A data límite para a realización desta acreditación será antes do inicio das actividades lectivas. Desta circunstancia deixarase constancia mediante unha dilixencia no historial académico, no expediente académico e, de ser o caso, por medio de observación no informe persoal por traslado.